

REQUISITOS XERAIS PARA O ESTUDANTADO DO GRAO EN MEDICINA DA USC QUE REALIZA UNHA MOBILIDADE ERASMUS, SICUE OU POR CONVENIO BILATERAL

O **número máximo de créditos** que se poden incluír no acordo académico nunha estancia anual é de 60 ECTS. Se a estancia é semestral é de 30 ECTS.

O acordo académico **non pode incluír** as seguintes materias:

- G2051530 Medicina Legal (agás o estudantado SICUE).
- As materias optativas G2051347 Prácticas externas en período non lectivo I, G2051447 Prácticas externas en período non lectivo II e G2051547 Prácticas externas en período non lectivo III. Estas materias poden cursarse na USC se non se supera o número máximo de créditos permitidos nas normas de matrícula.
- G2051628 Tráballo Fin de Grao.

No acordo de estudos deberá estar claramente especificada a equivalencia de materias entre o plan de estudos da USC e o plan de estudos da Universidade de destino.

Materias de Práctica Clínica I, Práctica Clínica II e Práctica Clínica III: é obrigatorio incluír estas materias no acordo académico en función do curso no que se realice o intercambio, tanto para estancias anuais como semestrais. Só se poden cursar estas materias na USC cando se trate dun intercambio semestral e non sexa posible incluílas no acordo académico porque a Universidade de destino non ofrece prácticas.

Cualificación das materias Práctica Clínica I, Práctica Clínica II e Práctica Clínica III: se estas materias equivalen na Universidade de destino a máis dunha materia teórico-práctica, só se poderá superar a Práctica Clínica cando como máximo haxa unha materia suspensa ou non presentada e o número de materias equivalentes sexa igual ou superior a catro. A cualificación será a media ponderada.

No caso de que haxa máis dunha materia suspensa ou non presentada só se poderá superar a Práctica Clínica cando a Universidade de destino expida un certificado no que se indique o número de horas prácticas realizadas (deberá ser equivalente ao número de horas das que consta a materia na USC) e a superación das mesmas. En caso de non figurar a cualificación esta será APTO (5.5). Este

certificado ten que estar asinado polo decano, responsable de mobilidade ou coordinador de prácticas da Universidade de destino. Non será valido un certificado expedido polo/a titor/a de prácticas.

Se a cualificación das prácticas na Universidade de destino non é numérica, as prácticas poderán cualificarse numericamente cando a Universidade expida un certificado coa cualificación numérica. Este certificado ten que cumprir os mesmos requisitos que no apartado anterior.

Materias teóricas: cando unha materia teórica da USC equivale na Universidade de destino a máis dunha materia só se poderá superar a materia teórica se están superadas todas as materias equivalentes. A cualificación será a media ponderada.

No caso de que a equivalencia se corresponda con parte dunha materia na Universidade de destino, só se pode superar a materia na USC cando a Universidade de destino expida un certificado no que se indique a cualificación desa parte. Este certificado ten que estar asinado polo decano ou responsable de mobilidade da Universidade de destino. Non será valido un certificado expedido polo/a coordinador/a da materia.

Universidades ERASMUS con requisitos específicos:

A Universidade que se indica a continuación conta con requisitos específicos de acceso para o estudantado entrante:

- UIT The Artic University of Norway:

https://en.uit.no/education/program/sub?p_document_id=274285&sub_id=673225#med-2520_international_semester_30_ects

Ángela Juana Torres Iglesias

Vicedecana de Intercambios, Innovación Docente e Calidade

Documento asinado dixitalmente pola **Vicedecana de Intercambios, Innovación Docente e Calidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía** de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: **ÁNGELA JUANA TORRES IGLESIAS**, NIF *****5460****, 23/03/2025 19:17:11.

CSV: 1B86-E582-4985-84EF